Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Patricia Hernández Estévez (1 para 1)
Secretaria-Interventora
Data de Sinatura: 08/06/2018
HASH: 7528dc52f6eb8fd51f6f3355638a944f

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A ADXUDICACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICPAL DE VERÁN DE ARBO, INCLUÍDA A XERENCIA DO BAR, DURANTE A TEMPADA 2018.

Cláusula 1. Réxime Xurídico do contrato.

O presente contrato cualifícase como contrato de servizos conforme ao artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), e, polo tanto, ten carácter administrativo, de conformidade co disposto no artigo 25.1.a) da LCSP.

As partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego e no seu correspondente de prescricións técnicas particulares.

Ambos pregos teñen carácter contractual, polo que deberán ser asinado, en proba da súa conformidade polo adxudicatario, no mesmo acto de formalización do contrato.

Para o non previsto nos pregos rexerase pola LCSP, polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público (RD 817/2009); polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro (en adiante RXLCAP), en todo o que non se opoña á anterior. A aplicación destas normas se levará a cabo en relación con todo o que non resulte afectado pola disposición derrogatoria da LCSP.

En todo caso, as normas legais e regulamentarias citadas anteriormente serán de aplicación en todo o que non se opoñan á LCSP.

Subsidiariamente, aplicaranse as restantes normas de deito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado.

Códigos CPV:

93500000-3 Servizos de instalacións municipais.

55410000-7 Servizos de bar

Cláusula 2. Órgano de contratación.

De conformidade co artigo 61 LCSP, a representación das entidades do sector público en materia contractual corresponde aos órganos de contratación, unipersoais ou colexiados que, en virtude de norma legal ou regulamentaria ou disposición estatutaria, teñan atribuída a facultade de celebrar contratos no seu nome.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

A disposición adicional segunda da LCSP dispón que nos municipios de réxime común, corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro ano, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

2. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme ao apartado anterior. Do mesmo xeito, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.

Sen prexuízo do anterior, os órganos de contratación poderán delegar ou desconcentrar as súas competencias e facultades nesta materia, con cumprimento das normas e formalidades aplicables á delegación ou desconcentración de competencias, no caso de que se trate de órganos administrativos.

Non obstante, no Concello de Arbo, as competencias en materia de contratación do Alcalde, están delegadas por Decreto de 1 de xullo de 2015 na Xunta de Goberno Local, e as do Pleno tamén na Xunta de Goberno Local por acordo do 13 de xullo de 2015.

Cláusula 3. Responsable do contrato.

Ao responsable do contrato que obrigatoriamente designe o órgano de contratación lle corresponde, de acordo co disposto no artigo 62.1 LCSP, supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa.

Ademais, son funcións do responsable do contrato:

a) Interpretar o prego de prescricións técnicas e demais condicións técnicas establecidas no contrato ou en disposicións oficiais.

b) Esixir a existencia dos medios e organización necesarios para a prestación dos servizos en cada unha das súas fases.

c) Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do contrato.

d) Propoñer as modificacións que conveña introducir para o bo desenvolvemento dos servizos.

e) Expedir, no seu caso, as certificacións parciais correspondentes aos servizos realizados segundo os prazos de execución e abono que se teñan acordado.

f) Tramitar cantas incidencias xurdan durante o desenvolvemento dos servizos.

g) Convocar cantas reunións estime pertinentes para o bo desenvolvemento dos servizos e a súa supervisión, á que estará obrigada a asistir a representación da empresa adxudicataria, asistida

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

de aqueles facultativos, técnicos, letrados ou especialistas da mesma que teñan algunha intervención na execución do servizo.

Cláusula 4. Obxecto e necesidade do contrato.

Constitúe o obxecto do contrato a adxudicación da prestación dos servizos na piscina municipal que de seguido se enumeran:

a) Mantemento e limpeza da zona exterior da piscina municipal, así como mantemento e limpeza dos vestiarios e bar, e demais instalacións situadas no recinto, incluído a limpeza manual do fondo dos vasos. Dita limpeza e mantemento deberá realizarse, como mínimo, diariamente e ao finalizar cada xornada.

b) Servizo de Portería. Incluirá a apertura e peche ao público das instalacións e o control de acceso ás mesmas co cobro das taxas aprobadas polo Concello a través da Ordenanza Fiscal correspondente.

c) Vixiar o bo uso de todas as instalacións por parte dos usuarios.

d) Planificar e organizar cos seus propios medios persoais e materiais as actividades deportivas de natación, tenis e demais nas instalacións da piscina municipal e anexos, así como vixiar o bo uso e controlar o acceso dos usuarios as referidas instalacións, incluído o acceso á pista polideportiva anexa, procedendo ao cobro das taxas e prezos públicos aprobados polo Concello a través das Ordenanzas Fiscais correspondentes.

Do obxecto do contrato, exclúese o servizo de socorrismo que será contratado directamente polo Concello, así como a limpeza inicial e desinfección do vaso de acordo cos esixencias sanitarias e regulamentarias da normativa en vigor, cheo e tratamento de choque, trámites legais de apertura e control das augas que se levarán a cabo dende o Concello.

A necesidade administrativa a satisfacer mediante o presente contrato é a prestación dos servizos anteriormente referidos na forma que se detalla na seguinte cláusula.

Para o cumprimento destes fins é imprescindible levar a cabo a contratación do servizo.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local no seu artigo 25 atribúe aos Concellos competencias na materia, respondendo este contrato a fins institucionais.

O Concello acude a este contrato ante a falta de medios persoais, materiais e técnicos actuais.

De acordo co artigo 99.3 da LCSP, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente. No presente contrato, a xustificación da non división en lotes xustifícase pola relación intrínseca entre as prestacións do obxecto que poida supoñer unha dificultade na correcta execución do contrato dende o punto de vista técnico, xa que existe unha necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións.

Cláusula 5. Forma en que se debe levar a cabo a prestación dos servizos obxecto do contrato.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

O Concello é o exclusivo e único titular das instalacións e do servizo público da piscina municipal e das instalacións deportivas anexas.

O adxudicatario, ao cal o Concello lle entrega o dereito de uso dos bens e instalacións afectos a el para unha máis axeitada prestación dos servizos adxudicados, responderá do seu bo uso, e levará a cabo as seguintes funcións e actividades:

3.1.- Manter en perfecto estado de limpeza e decoro todas as instalacións que se lle entregan para que preste os servizos incluídos na cláusula 4ª destes pregos.

3.2.- A conservación dos bens, instalacións e mobiliario afectos aos servizos, correspóndelle ao adxudicatario, garantíndoa e, en concreto, correrán do seu cargo o mantemento en bo estado de limpeza e decoro da zona exterior das piscinas municipais, vestiarios e bar, e demais instalacións existentes no recinto ou anexas ao mesmo.

3.3.- Todos os gastos que se deriven da prestación destes servizos serán por conta do adxudicatario.

3.4.- O adxudicatario deberá dotarse dos medios persoais e materiais necesarios para a planificación e organización das actividades deportivas (natación, tenis, ...) a realizar nas instalacións municipais da piscina e anexos. Nesta actividades deberá cumprirse coas disposicións existentes na materia que resulten de aplicación. O adxudicatario terá dereito a percibir os ingresos procedentes do acceso dos usuarios a estas actividades organizadas nas instalacións municipais previo abono do prezo ou taxa regulamentariamente establecida, debendo facer mención á colaboración do Concello na publicidade ou promoción das mesmas.

3.5. A explotación do bar sito na piscina municipal no seu exclusivo beneficio. Para a explotación do bar, colocará en lugar visible a lista de prezos, visada polo Concello, cumpríndose cantas disposicións existan en materia de bares, restaurantes e cafeterías, así como as que accidentalmente poida ditar o Concello para o mellor funcionamento do servizo, quedando terminantemente prohibida a venda de alcol e tabaco a menores, e debendo axustarse neste ámbito a normativa estatal ou autonómica vixente e de aplicación. Calquera modificación na lista de prezos deberá ser comunicada ao Concello. Deberá manter as dependencias do bar en perfectas condicións hixiénico-sanitarias e cumprir coas normas vixentes en canto ao consumo de comidas e bebidas.

3.6.- O adxudicatario deberá axustar o horario da explotación do bar ao horario global da piscina. A estes efectos o horario de baño será de luns a venres de 11.00 a 13.30 h. e de 15.30 a 21.00 h., e os sábados, domingos e festivos fíxase un horario continuo de 11.00 a 21.00 h. os posibles cambios de horarios serán comunicados ao adxudicatario. O bar deberá estar aberto ao público os días nos que estean abertas ao público as instalacións, incluídos domingos e festivos. O persoal contratado polo adxudicatario que preste os seus servizos no local destinado a bar deberá posuír o carné de manipulador de alimentos e demais preparación esixida pola normativa de aplicación.

3.7.- O acceso ao servizo de bar por parte dos usuarios queda condicionado ao pagamento da entrada ao recinto das piscinas.

3.8.- Queda prohibida terminantemente a realización de actividades ou celebracións de carácter privado, salvo as autorizadas con carácter previo e expresamente polo Concello.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

3.9.- A programación, desenvolvemento e forma de prestar o servizo de bar corresponderán ao adxudicatario nos termos que considere aconsellables, baixo o control e inspección do Concello e respectando sempre a normativa que resultase de aplicación. Así o adxudicatario será responsable da contratación de todos os subministros cos provedores que estime convinte.

O desenvolvemento do servizo poderá ser inspeccionado en calquera momento polo Concello, podendo este ditar as medidas que estime pertinentes que serán de obrigado cumprimento e seguimento para o adxudicatario.

O Concello resérvase a cesión sen cargo da piscina co obxecto de desenvolver as súas actividades de oferta pública. A concellería de deportes deberá notificar ao adxudicatario, con antelación suficiente, os días en os que vai facer uso da instalación.

3.10.- A prestación do servizo realizarase a risco e ventura do adxudicatario.

3.11.- Os gastos de subministración, provisión ou análogos do bar e demais instalacións obxecto deste contrato, correrán a cargo do adxudicatario. Os gastos de conservación e mantemento das instalacións da piscina municipal, incluído o bar e vestiarios, no marco do obxecto deste contrato, serán sempre a cargo do adxudicatario quen deberá mantelas en bo estado. A estes efectos, os servizos de Tesourería deberán xirar ao adxudicatario as correspondentes liquidacións por estes conceptos.

3.12. O adxudicatario estará obrigado a contratar e pagar a todo o persoal necesario, que deberá ser suficiente para o normal funcionamento dos servizos obxecto do contrato, así como ao cumprimento da lexislación laboral. O persoal que empregue o adxudicatario para estes servizos non terá relación laboral ningunha co Concello, por depender exclusivamente daquel, o cal terá todos os dereitos e obrigas inherentes a súa calidade de empregador respecto do citado persoal, de conformidade coa lexislación vixente ou a que no sucesivo se promulgue, sen que, en ningún caso, resulte responsable o Concello das obrigas mutuas entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda cando os despedimentos e medidas que se adopten sexan consecuencia directa ou indirecta do cumprimento, incumprimento ou interpretación deste contrato. A estes efectos non operará a cláusula de subrogación prevista no art. 44 do RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Cláusula 6.- Réxime económico do contrato e percepcións económicas do adxudicatario.

En contrapartida pola realización e prestación dos servizos referidos na cláusula 4ª deste pregos, o adxudicatario terá o dereito a percibir os ingresos que obteña da explotación do bar sito no interior do recinto, cuxos prezos deberán estar expostos ao público e ser visados previamente polo Concello.

Os prezos serán os habituais no mercado de servizos de bar, podendo o Concello, no seu caso, fixar prezos máximos que o contratista non poderá superar.

Do mesmo xeito terá dereito a percibir os ingresos resultantes dos prezos ou taxas fixados na correspondente Ordenanza Fiscal polo acceso ás actividades deportivas que se organicen nas instalacións municipais da piscina, incluída a pista polideportiva anexa ás mesmas.

O importe da recadación polas entradas e abonos segundo a Ordenanza fiscal reguladora da taxa

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

polo uso das referidas instalacións será ingresado polo adxudicatario a favor do Concello todos os luns durante a tempada de baño xunto cos talóns numerados confeccionados polo Concello cos que corresponda a referida recadación.

Para o control dos ingresos derivados da prestación do servizo, empregarase para as entradas o sistema de talóns numerados que serán confeccionados polo Concello. Do mesmo xeito, por parte do adxudicatario deberá facerse unha declaración sobre os ingresos obtidos pola explotación do bar ou dos ingresos percibidos polos participantes nas actividades deportivas organizadas nas instalacións municipais, podendo xuntar o resgardo dos tíckets da máquina rexistradora ou facturas emitida polos provedores referidas á compra de produtos do bar e recibos dos ingresos percibidos polos participantes nas referidas actividades ou calquera outro documento válido en dereito xustificativo dos referidos ingresos. O adxudicatario co fin que dende os servizos do Concello se leve un control dos ingresos presentará na Tesourería Municipal os documentos antes sinalados ao finalizar o contrato e con carácter previo á devolución da garantía definitiva.

Como contrapartida pola explotación do bar, o adxudicatario aboará á Administración o importe de **100,00 € por mes**, **que se establece como valor estimado do contrato, e se fixa como prezo base de licitación, sendo mellorable á alza** nas propostas económicas presentadas polos licitadores O abono do referido importe realizarase tras o remate da tempada e con carácter previo á devolución da garantía definitiva. Dito importe axustarase, no seu caso, en función das datas de apertura e peche das instalacións por parte do Concello.

Posto que a execución do presente contrato supón un ingreso para o Concello non resulta precisa a existencia de crédito.

Cláusula 7. Duración do contrato e lugar de execución.

A duración do contrato fíxase dende a data de formalización do mesmo ata a finalización da tempada de baño 2018. A tempada de baño estímase cunha duración dende o 30 de xuño de 2017 ao 2 de setembro de 2018, se ben, a data de inicio poderá adiantarse no caso de que o procedemento de adxudicación finalice antes do 30de xuño de 2018 coa formalización do contrato ou postergarse no caso de non atoparse rematado o proceso de contratación ou as obras de acondicionamento que se van executar a conta da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra no marco do Plan Concellos 2018. En ningún caso a duración do contrato poderá superar o ano. Do mesmo xeito, o contrato poderá postergarse máis aló do 2 de setembro de 2018, no caso de que a tempada de baño se amplíe de permitilo así as condicións metereolóxicas.

En ningún caso esta variación na apertura e/ou peche de tempada suporá variación no prezo do contrato.

O lugar de execución o contrato son as instalacións das piscinas municipais de verán con seus anexos situadas no municipio.

Cláusula 8. Capacidade para participar na contratación: Aptitude para contratar.

Poderán concorrer a este procedemento as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, e profesional ou técnica, e non se atopen incursos nas causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Os que acudan á licitación poderán facelo por si ou por persoa autorizada, mediante poder bastante sempre que non se atopen incursos en causa de prohibición ou incompatibilidade.

Os licitadores deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade, obxecto ou actividade teña relación directa coas prestacións obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e se acredite debidamente, e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato. Ademais, os contratistas deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional, que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do presente contrato.

A Administración poderá contratar con Unións de Empresas, que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escrituras públicas ata que se efectúe a adxudicación, as cales responderán solidariamente ante a Administración e ante a cal nomearán un representante ou apoderado único.

Cláusula 9. Procedemento.

De conformidade co disposto no artigo 156.1 da LCSP, o contrato adxudicarase por procedemento aberto e levarase a cabo atendendo ao criterio de adxudicación de **PREZO Á ALZA**, de conformidade co disposto nos artigos 145 e 146 da LCSP.

Neste contrato non se prevén criterios avaliables mediante xuízo de valor.

Cláusula 10. Publicidade.

O anuncio de licitación do contrato publicarase soamente no perfil do contratante do Concello de Arbo aloxado na plataforma de contratación de Galicia (https://www.contratosdegalicia.gal) e ao que se pode acceder a través da páxina web do Concello: http://www.concellodearbo.es, no apartado de E-Administración.

No referido perfil do contratante ofrecerase información relativa á convocatoria da licitación do contrato, incluíndo os pregos e documentación complementaria, no seu caso.

Sen prexuízo do anterior, o expediente contractual que regula este prego e os documentos técnicos e administrativos que del forman parte, poderán ser examinados no Departamento de Secretaría do Concello (Praza Consistorio nº 1, 36430, Arbo, Pontevedra, Teléf. 986665000, Fax. 986665011), en horario normal de atención ao público, entre as 9 e as 14 horas, durante o prazo establecido para a presentación de ofertas.

Os interesados no procedemento de licitación poderán solicitar información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria.

Cláusula 11. Prestación de Garantías.

A contratación que regula este prego queda sometida ao seguinte réxime de prestación de garantías:

- Provisional: Dado o carácter potestativo establecido no artigo 103 do TRLCSP, e a vista do tipo de contrato, non se esixirá a constitución de garantía provisional.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

- **Definitiva: 100,00 euros.** A constitución desta garantía deberá acreditarse dentro dos **10 días hábiles** seguinte á recepción do requirimento de documentación a que se refire a cláusula 16ª deste Prego. De non cumprir este requisitos por causas a el imputables, a Administración non efectuará a adxudicación ao seu favor, sendo de aplicación o disposto no último parágrafo do art. 150.2.

Esta garantía poderá prestarse en calquera das formas prevista no art. 108.1 da LCSP, e manterase durante todo o prazo de duración do contrato ata que o Concello autorice expresamente a súa cancelación, unha vez constatada a ausencia de responsabilidades e emitido o informe sobre a correcta execución do contrato, presentada a documentación xustificativa dos ingresos na Tesourería Municipal e abonado o importe fixado a favor da Administración.

A garantía definitiva responderá de calquera incumprimento do contrato, así como dos conceptos aos que se refire o artigo 110 da LCSP, entre os que se inclúe o incumprimento da obriga do contratista de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 da LCSP.

Cláusula 12. Presentación de Ofertas: Lugar e prazo de presentación, formalidades e documentación.

Lugar e prazo de presentación.

A proposta presentarase no Rexistro Xeral do Concello, en horario de atención ao público, das 8.00 ás 15.00 h., en sobre pechado e asinado polo licitador e no que porá a inscrición seguinte: "PROPOSTA PARA TOMAR PARTE NO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICPAL DE VERÁN DE ARBO, INCLUÍDA A XERENCIA DO BAR, DURANTE A TEMPADA 2018"

O prazo de presentación das propostas será de **15 días naturais**, contados a partir do seguinte a aquel en que o anuncio de licitación se publique no Perfil do Contratante do Concello de Arbo aloxado na Plataforma de contratación pública de Galicia (https://www.contratosdegalicia.gal).

De igual modo, as propostas poderán presentarse por correo. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da proposta mediante télex, Fax ou telegrama no mesmo día e dentro do prazo de presentación de propostas. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado. Transcorridos, no obstante, dez días seguintes á indicada data sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

Igual advertencia será de aplicación para os casos en que se faga uso da posibilidade prevista polo art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, debendo de anunciarse de igual modo a súa presentación mediante esta vía, e coas mesmas excepcións expostas.

Cada licitador só poderá presentar unha proposta. Non podendo subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros, se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

De acordo coa excepción prevista na disposición adicional decimo quinta 3.c) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, nesta contratación non se esixe o emprego de medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas, ao non atoparse a plataforma de xestión electrónica de expedientes GESTIONA deste Concello integrada coa Plataforma da Contratación do Estado para levar a cabo a licitación electrónica, e non dispor por este motivo dos medios electrónicos especializados e necesarios para levala a cabo.

Formalidades

Dentro do SOBRE XERAL titulado: "PROPOSTA PARA TOMAR PARTE NO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICPAL DE VERÁN DE ARBO, INCLUÍDA A XERENCIA DO BAR, DURANTE A TEMPADA 2018"**incluiranse os seguintes dous sobres pechados e todos eles asinados polo licitador ou persoa que o represente:**

SOBRE Nº 1: DECLARACION RESPONSABLE ACREDITATIVA DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS PARA A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DAS INSTALACIÓNS DA PISCINAS MUNICIPAL DE VERÁN DE ARBO, INCLUÍDA A XERENCIA DO BAR, DURANTE A TEMPADA 2018: Conterá a seguinte documentación:

-Declaración responsable á que se refire o artigo 140.1 a) da LCSP, conforme ao **Anexo I destes pregos** e na que o licitador porá de manifesto que posúe a capacidade de obrar e habilitación profesional esixida para a execución do obxecto do contrato, así como a solvencia esixida no prego, e non se atopa incurso nas prohibicións de contratar do artigo 71 da LCSP.

As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar ás que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

SOBRE Nº 2: PROPOSTA ECONÓMICA: Conterá soamente a proposta económica que deberá axustarse ao modelo que se recolle como **Anexo II** a este prego.

Non se aceptarán aquelas propostas que conteñan omisións, erros ou tachas que impidan coñecer claramente o que o Concello estime fundamental para considerar a oferta. Se algunha proposta non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, fose inferior ao importe mínimo fixado en 100,00 €/mes a aboar a favor do Concello pola explotación do bar, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposta, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que o fagan inviable, será rexeitada pola mesa de Contratación mediante resolución motivada, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión dalgunha das palabras do modelo se isto non altera o seu sentido.

Cláusula 13. Criterios a ter en conta a hora de seleccionar a oferta economicamente máis vantaxosa.

A selección do contratista realizarse a través do procedemento aberto sendo o único criterio a valorar o PREZO Á ALZA sobre o mínimo de 100,00 €/mes fixado como contrapartida a favor do Concello de Arbo pola explotación do bar.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Na valoración das propostas outorgarase a maior puntuación a que resulte a mellor proposta en cada un dos criterios enumerados, atribuíndolles as restantes a puntuación que lle corresponda tras a aplicación dunha regra de tres aritmética.

Para a valoración das propostas o órgano de contratación poderá solicitar cantos informes técnicos considere oportunos.

O procedemento será adxudicado á empresa que obteña a puntuación superior, aínda que a Corporación se reserve o dereito de declarar deserto o procedemento.

No caso de producirse empate entre as empresas licitadoras, resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

1º Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade no cadro de persoal, ou ao maior número de persoas traballadoras en inclusión no cadro de persoal.
2º Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal de cada unha das empresas.
3º Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal de cada unha das empresas.
4º O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dise lugar a desempate.

Cláusula 14. Mesa de Contratación.

De acordo co disposto no punto 7º da Disposición Adicional Segunda da LCSP e art. 21.2 do Real Decreto 817/2009 estará integrada por:

-Presidente: Sr. Horacio Gil Expósito, Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Arbo, ou Tenente de Alcalde en quen delegue as súas funcións en caso de ausencia.

-Vogais:

-Sra. Patricia Hernández Estévez, Secretaria-Interventora do Concello ou persoa que legalmente a substitúa.

-Sr. Manuel Caldas Pérez, auxiliar administrativo do Concello de Arbo pertencente ao cadro de persoal laboral fixo.

-Sra. Salomé Troncoso Vieitez, Concelleira de Servizos Xerais do Concello de Arbo.

-Secretario: funcionario do Concello designado ao efecto.

A composición da Mesa publicarase no perfil do contratante do Concello de Arbo coas especificacións recollidas na páxina web www.concellodearbo.es que enlaza directamente coa Plataforma de Contratación de Galicia cunha antelación mínima de sete días respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación referida no art. 140.1 da LCSP.

Cláusula 15. Cualificación do sobre nº 1 e apertura das propostas contidas no sobre nº 2.

O acto de apertura das propostas terá lugar **o día hábil seguinte ao que finalice o prazo de presentación de propostas, ás 13.00 horas, no Salón de Plenos do Concello de Arbo**. Se fose sábado a apertura terá lugar o día hábil seguinte. No caso de que se anunciase por Fax ou telegrama a remisión por correo da proposta e esta non chegase o día previsto para a apertura, demorarase o acto ao día hábil seguinte á recepción, sempre que esta teña lugar dentro do prazo legalmente establecido na cláusula 12ª deste Prego.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

A Mesa de Contratación procederá en primeiro lugar a **cualificación da documentación** contida nos **sobres nº 1** en sesión non pública. De apreciarse defectos materiais emendables na documentación presentada, a Mesa concederá un prazo de tres días hábiles para que o licitador os emenda, fixándose pola Mesa o día e hora en que terá lugar a apertura do resto dos sobres, e comunicándose aos participantes vía Fax e a través de anuncio no taboleiro de edictos do Concello. Se a documentación contivese defectos materiais ou substanciais non emendables, rexeitarase a proposta.

A continuación, ou unha vez emendada a documentación polos licitadores, de ser o caso, o Presidente da Mesa de Contratación procederá, en acto público, a comunicar o resultado da apertura con expresión das propostas admitidas, das rexeitadas e das causas de inadmisión.

De seguido, procederase á apertura dos **sobres nº 2,** que conteñen a **proposta económica**.

Tras a avaliación da documentación contida no sobres nº 2, a Mesa de Contratación elevará proposta de adxudicación ao órgano de contratación. Esta proposta de adxudicación do contrato non crea dereito algún a favor do licitador proposta, que nos os adquirirá, fronte á Administración, mentres non se formalice o contrato.

Cláusula 16.-Decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato e desistimento do procedemento de adxudicación pola Administración.

De conformidade co disposto no artigo 152 da LCSP, a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato ou o desistimento do procedemento poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización.

Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. O desistimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato u das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa.

Cláusula 17. Requirimento de documentación ao candidato proposta para adxudicación.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de **dez días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación:

a) **Documentación acreditativa dos extremos recollidos na declaración responsable presentada no sobre nº 1:**
a.1.- Documentos que acrediten a personalidade do licitador e a representación, no seu caso, do asinante da proposta, consistentes en:

a.1.1. Fotocopia cotexada do DNI, se é empresario individual, ou fotocopia cotexada da escritura de constitución ou modificación, da Sociedade Mercantil, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, se é persoa xurídica; ou, no seu caso, fotocopia cotexada da escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

a.1.2. Os que comparezan ou asinen as propostas en nome de outro deberán acreditar a súa personalidade e capacidade, así como o poder que o habilita para elo, que será

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

debidamente bastanteado polo Secretario Xeral do Concello ou funcionario habilitado ao efecto.

a.1.3. No caso de concorrer á licitación varias empresas, constituíndo unha unión temporal, cada unha delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando o nome e circunstancias dos empresarios que subscriben as propostas, a participación de cada unha delas, designando a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato,ostentará a representación da unión ante a Administración. Todo elo, sen prexuízo, da obriga das empresas agrupadas de acreditar ante a Administración, se resultaran adxudicatarias, a constitución da agrupación e o CIF da mesma.

a.2.- Documentos acreditativos da solvencia técnica ou profesional e Documentos acreditativos da solvencia económica ou financeira: Os licitadores estarán exentos de acreditar a clasificación e solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional ao non superar o valor estimado deste contrato os 35.000 € e estar así previsto no novo artigo 11.5 do Real Decreto 1098/2001, tras modificación operada polo artigo Único. Un do Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

De acordo co artigo 96 da LCSP, a inscrición no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel recollido e reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto a súa personalidade e capacidade de obras, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económico e financeira e técnica ou profesional, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo. O mesmo acreditará a inscrición no Rexistro de Licitadores da CCAA en relación coas entidades incluída no seu ámbito territorial. A proba do contido do Rexistro de Licitadores efectuarase mediante certificación do órgano encargado do mesmo, que poderá expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

b) Xustificación de estar dado de alta e ao día no Imposto de Actividades Económicas, mediante presentación do último recibo. No caso de tratarse dun empresario individual a alta como autónomo no réxime correspondente da seguridade social e no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente.

c) Certificación administrativa, expedida polo órgano competente, de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galiza nin co Concello de Arbo.

d) Certificación administrativa, expedida polo órgano competente, sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

e) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva polo importe sinalado na cláusula 11ª deste Prego.

f) Copia das pólizas de responsabilidade civil subscritas e xustificantes de abono das primas.

Cláusula 18. Adxudicación.

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

dentro dos **cinco días hábiles** seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante no prazo de 15 días.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

-En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.

-Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non foi admitida a súa oferta.

-En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposta do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas.

Na notificación e no perfil do contratantes indicarse o prazo en que deberá procederse a súa formalización.

Cláusula 19. Perfección e Formalización do contrato.

O contrato formalizarase en documento administrativo no prazo máximo de **15 días hábiles**, a contar dende o seguinte ao da notificación da adxudicación.

Cando a demora sexan imputables ao contratista, a administración poderá optar por resolver o contrato ou impor as penalidades legalmente establecidas. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Se o contrato non se puidese chegar a formalizar por causas imputables ao adxudicatario, actuarase segundo ao disposto no artigo 153.4 da LCSP.

Cláusula 20. Risco e Ventura.

O adxudicatario prestará o servizo ao seu risco e ventura de conformidade co disposto no artigo 197 da LCSP, non tendo dereito a ningunha indemnización polas avarías, danos ou perdas que poidan ocasionárselle durante ou con motivo da prestación dos servizos a que se refire este contrato, salvo casos de forza maior.

Cláusula 21. Cumprimento das obrigas fiscais, sociais e laborais.

O adxudicatario está obrigado, baixo a súa específica, exclusiva e persoal responsabilidade en todas as ordes, da que expresamente exime á administración concedente, a cumprir estritamente as disposicións legais vixentes en materia fiscal, laboral, de Seguridade Social, de seguridade e hixiene no traballo e de previsión de riscos laborais, acreditándoo documentalmente se

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F
procedese.

Cláusula 22. Réxime de infracción e a súa sanción.

O adxudicatario , durante ou con motivo da prestación dos servizos contratados, pode cometer infraccións que se clasifican en moi graves, graves e leves.

- Son infraccións moi graves:

* A non prestación do servizo durante máis de dous días sen causa xustificada.

* O incumprimento das disposición legais e regulamentarias vixentes en materia de piscinas de uso colectivo e en materia sanitaria en relacion co obxecto do presente contrato.

* A cesión, subarrendo ou traspaso do contrato sen autorización do Concello.

* A desobediencia reiterada por máis de dúas veces ás ordes ou escritos relativos á forma e réxime do servizo procedentes do Concello.

* A comisión de, cando menos, dúas faltas graves debidamente acreditadas.

- Son infraccións graves:

* O atraso reiterado no comezo e remate do servizo.

* A inobservancia das prescricións normativas establecidas sempre que leven a cualificación de infraccións non moi graves, ou o incumprimento das ordes do Concello para evitar situacións molestas ou insalubres aos usuarios do servizo.

* O incumprimento reiterado en máis dunha ou varias das regras a que alude a cláusula terceira.

* O trato incorrecto aos usuarios do servizo, denunciado por escrito, cando menos, dúas veces.

* O incumprimento das súas obrigas laborais e sociais para co persoal que empregue.

* A comisión de dúas ou máis faltas leves.

- Son infraccións leves todas aquelas non definidas como moi graves ou como graves que poidan afectar ao normal desenvolvemento do servizo sen causar a este prexuízos ostensibles.

En calquera caso, a comisión de infraccións por parte do adxudicatario debe ser acreditada de maneira fidedigna e que non ofreza dúbidas e, tras a tramitación do oportuno expediente no que se lle dea audiencia ao adxudicatario, a tal fin, iso poderá dar lugar a que se lle apliquen as seguintes sancións:

* Ás infraccións moi graves: multas entre 300,00 e 600,00 euros e, si se repiten, á resolución do contrato, sen dereito á indemnización.

* Ás infraccións graves: multas entre 150,00 e 300,00 euros.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F
* Ás infraccións leves: multa en ningún caso inferior a 75,00 euros.

O órgano competente para impor as sancións en cada caso procedentes, será sempre o que o é para contratar.

Cláusula 23. Causas da Resolución e Modificación do Contrato.

23.1. Son causas de resolución do contrato regulado, as previstas nos artigos 211 e 313 da LCSP.

Os efectos da resolución do contrato de servizos serán os previstos nos artigos 213 e 313 da LCSP.

23.2. Os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos na Subsección 4ª da Sección 3 do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da LCSP, e de acordo co procedemento regulador no artigo 191 LCSP , coas particularidades previstas no artigo 207 LCSP:

Cláusula 24. Dereitos e obrigas recíprocas do adxudicatario e do Concello.

Establécense os seguintes:

24.1 Dereitos do adxudicatario:

24.1.1 Utilizar os bens e instalacións afectos aos servizos que resulten precisos para o cumprimento do obxecto do contrato a que está obrigado.

24.1.2 Obter auxilio e protección da administración concedente para o normal desenvolvemento do servizo.

24.1.3 A explotación do bar e das instalacións municipais nas condicións anteriormente sinaladas.

24.1.4. Percibir as contraprestacións sinaladas na cláusula 6ª deste prego.

24.2 Obrigas do adxudicatario:

24.2.1 Prestar o servizo obxecto deste contrato nos termos establecidos pola cláusula 5ª deste prego, pondo para iso en funcionamento as instalacións unha vez formalizado o correspondente contrato, sendo pola súa conta os gastos que orixine en xeral a prestación dos servizos que constitúen o obxecto deste contrato.

Para a explotación do bar deberá dispor de cantos medios materiais resulten necesarios para a execución do contrato, incluído menaxe, maquinaria, mobiliario, etc.

24.2.2 Aportar no prazo e servizo municipal sinalado a documentación referida para levar un control dos ingresos.

24.2.3 Dar conta ao Concello das incidencias e reclamacións que se produzan no servizo.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

24.2.4 Admitir ao uso do servizo a toda persoa que cumpra cos requisitos regulamentarios, e executar a prestación do servizo co máximo respecto a cantas persoas o empreguen con educación.

24.2.5 Responder ante terceiros dos danos que se poidan producir como consecuencia da prestación dos servizos contratados, salvo cando se trate de actos realizados en cumprimento de ordes impostas polo titular do servizo. A estes efectos o adxudicatario deberá ter subscritos e en vigor os seguros e as pólizas de responsabilidade civil, debendo acreditalo e xustificalo no prazo de 10 días hábiles dende o seguinte á recepción do requirimento previsto na cláusula 17ª dos pregos.

Tamén será responsable da calidade dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración e para terceiros, das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

24.2.6. Deberá cumprir e facer cumprir durante a execución dos traballos a normativa sobre seguridade e saúde e de prevención de riscos laborais.

24.2.7. Non allear nin gravar bens ou instalacións que deban reverter ao Concello unha vez finalizado o contrato.

24.2.8. Deberá manter en perfecto estado as instalacións adscritas ao contrato, con rigorosa observancia de todas as medidas hixiénico-sanitarias precisas, que deberán aplicarse, do mesmo xeito, aos distintos enseres a empregar, así como na manipulación de alimentos. Deberá, do mesmo xeito, garantir que todo o persoal que estea contratado no bar dispoña do preceptivo carné de manipulador de alimentos.

Será da súa conta e responsabilidade a limpeza de baños e vestiarios das piscinas, do bar e do recinto e limpeza manual do fondo da piscinas, así como a conservación e mantemento das instalacións.

24.2.9 O abono do importe ofertado pola explotación do bar no prazo establecido ao efecto.

24.2.10. Deberá someterse ás inspeccións dos servizos municipais dentro das súas competencias.

24.2.11. O adxudicatario deberá abandonar e deixar libres, a disposición do Concello de Arbo, unha vez finalizado o contrato, ou dentro do prazo de 15 días naturais a contar dende o seguinte á resolución contractual as instalacións e mobiliario posto a súa disposición ao inicio do contrato, en bo estado de conservación e funcionamento e co desgaste razoable debido a un correcto uso. Os servizos municipais, antes do remate do contrato, procederán a efectuar unha revisión dos mesmos co fin de garantir que a entrega se faga en adecuadas condicións de conservación e funcionamento.

24.2.12. Deberá repor a contía da garantía definitiva no suposto de que o Concello se vise obrigado a detraer da mesma o importe dunha sanción, o custe dunha reparación ou calquera outro concepto. O prazo para facelo será de 10 días hábiles contados dende o seguinte á recepción da notificación do requirimento.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

24.2.13. Dispor dun listado de prezos actualizado e exposto ao público, follas de reclamacións, advertencias das prohibicións sobre fumar, a venda de alcol a menores, etc, e cantas sexan necesarias e veñan impostas pola normativa vixente.

24.3 Dereitos do Concello:

24.3.1 Ordenar as modificacións que por razóns de interese público considere convenientes no servizo.

24.3.2 Inspeccionar e vixiar o debido cumprimento das obrigas derivadas do contrato e, en xeral, fiscalizar a prestación adecuada dos servizos contratados por parte do adxudicatario empregando, a tal efecto, os medios que se consideren oportunos, inspeccionando o servizo, instalacións, persoal, ...

24.3.3 Realizar actividades de interese público nas instalacións da piscina notificándollo coa debida antelación ao adxudicatario.

24.3.4. Percibir o importe fixado como canon a favor do Concello como contraprestación pola explotación do bar e demais instalacións municipais polo adxudicatario.

24.4 Obrigas do Concello:

24.4.1 Prestar ao adxudicatario o auxilio e colaboración que este recade para unha mellor prestación dos servizos.

Cláusula 25. Prerrogativas e facultades da Administración.

Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Igualmente, o órgano de contratación ostenta as facultades de inspección das actividades desenroladas polos contratistas durante a execución do contrato, nos termos e cos límites establecidos na LCSP para cada tipo de contrato. En ningún caso ditas facultades de inspección poderán implicar un dereito xeral do órgano de contratación a inspeccionar as instalacións, oficinas e demais emprazamentos nos que o contratista desenvolva as súas actividades, salvo que tales emprazamento e as súas condicións técnicas sexan determinantes para o desenvolvementos das prestacións obxecto do contrato, extremos que deberán quedar xustificados de forma expresa e detallada no expediente administrativo.

Os procedementos para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas anteriormente, instruiranse de conformidade co disposto no artigo 191 da LCSP.

Os acordos que adopte o órgano de contratación porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Cláusula 26. Gastos a cargo do adxudicatario.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Os gastos que xere a contratación que regulan estas cláusulas serán sempre por conta daquel dos concorrentes que resulte ser o adxudicatario do contrato.

En virtude da adxudicación do contrato, o contratista quedará obrigado a pagar o importe dos anuncios e cantos gastos se ocasionen con motivo da preparación e formalización do contrato.

Cláusula 27. Cesión do contrato.

Prohíbese expresamente a cesión do contrato.

Cláusula 28. Subcontratación.

Procederá só nos supostos, e cos requisitos e límites previstos no artigo 215 da LCSP.

Cláusula 29. Protección de datos de carácter persoal.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto aos datos de carácter persoal dos que teñan coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda despois da finalización do mesmo, de conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, de 13 de decembro de 1999 e das súas modificacións.

O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de secreto, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incorrer.

O adxudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolve o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar na súa integridade a Lei Orgánica 1571999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na disposición vixésimo quinta da LCSP e as súas modificacións.

Cláusula 30. Recursos.

Os actos que se diten nos procedementos aberto de adxudicación dos contratos de servizos das Administracións Públicas, poderán se obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 39/2015m, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

"D._____,con DNI_____e domicilio en_____provincia de_____,rúa_____, nº _____, en nome propio ou en representación da empresa_____, con CIF _____, entidade que (SI) (NO) cumpre as condicións de PYME, á que representa no procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato de prestación do servizo de mantemento, limpeza e atención das instalacións da piscina municipal de verán de Arbo, incluída a xerencia do bar, durante a tempada 2018,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar no procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato de prestación do servizo de mantemento, limpeza e atención das instalacións da piscina municipal de verán de Arbo, incluída a xerencia do bar, durante a tempada 2018.

SEGUNDO. Que cumpre co todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 140 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, para ser adxudicatario do contrato de subministros, en concreto:

-Que posúe personalidade xurídica e, no seu caso, a representación esixida.

-Que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional esixidos nos prego para a execución do obxecto do presente contrato, e conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade.

-Que de conformidade co prego, os nomes e cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación obxecto do contrato son os seguintes:

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____

-Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección se atopan incursos en prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

-Que cumpre coas disposicións vixente en materia laboral e social.

-Que se trata de empresa estranxeira:

Si, e se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidera correspondente ao licitado.

Non.

-Que a empresa emprega a :

Menos de 50 traballadores

50 ou máis traballadores e (marque o recadro que corresponda).

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Cumpre coa obriga de que, entre eles, a lo menos, o 2% sexan traballadores con discapacidade, establecida polo RD Lexislativo 1/2013, d 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social.
Cumpre coas medidas alternativa previstas no RD 364/2005, de 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva a favor de traballadores con discapacidade.

-Que a dirección de correo electrónico "habilitada" para efectuar as notificacións , de conformidade co disposto na DA 15ª da LCSP, é: _____ _____.

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de ser proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para elo.

CUARTO. Autoriza ao Concello de Arbo, en canto órgano de contratación, a realizar as comprobacións oportunas en relación ao cumprimento dos requisitos e datos aos que se refire a presente declaración.

E para que conste, asino a presente declaración.

(Lugar, data e sinatura do licitador)."

ANEXO II

MODELO DE PROPOSTA ECONÓMICA

"D/Dª_____ con DNI_____, do que achego fotocopia, con domicilio en_____, en (nome propio ou en representación de_____, con CIF núm._____), segundo acredito con copia de poder ao meu favor outorgado, que achego suficientemente bastanteado; sendo coñecedor do procedemento aberto que tramita o Concello de Arbo para a adxudicación da contratación da prestación do "servizo de mantemento, limpeza e atención das instalacións da piscina municipal de verán de Arbo, incluída a xerencia do bar, durante a tempada 2018", comprométome a levar a cabo a prestación e o seu desenvolvemento nos termos e condicións que establece o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen na contratación que declaro aceptar e coñecer na súa integridade; achego a documentación esixida para participar no procedemento e fago constar expresamente:

1º.- Que me comprometo expresamente a prestar os servizos na forma que establecen os pregos que rexen a contratación, e segundo as instrucións recibidas polo Concello, e a presentar en tempo e forma a documentación que resulte necesaria para a súa acreditación.

2º.- Que a miña oferta é a seguinte:
.- Importe ofertado a favor do Concello pola explotación do bar:_____ €/mes.

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

(Lugar, data e sinatura e, no seu caso, selo)"

DILIXENCIA.- Para facer constar que os presentes pregos, que consta de 30 cláusulas distribuídas en 20 páxinas, e dous Anexos, aprobáronse por Resolución do Alcalde-Presidente de data 08.06.18, tras avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, e que, do mesmo xeito, acordou aprobar o expediente de contratación xunto cos presentes pregos, o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación, mediante Procedemento Aberto.

Arbo, 08.06.18

A Secretaria-Interventora,

Patricia Hernández Estévez.